

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA INTEGRAL DE ACTUACIÓNS PARA A PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E A INCLUSIÓN SOCIAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende o 4 de decembro de 2022 ata o 4 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e COGAMI para darlle continuidade á segunda fase deste programa integral de actuacións para a promoción da autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade. A finalidade desta actuación é a de contribuír a que as persoas con discapacidade obteñan as habilidades e capacidades necesarias para dispoñer dunha vida autónoma, atendendo á súa situación particular e á súa contorna.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Ambas entidades están interesadas, no desenvolvemento dun Programa Integral de actuacións para a promoción da autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade, en liña coas previsións da Convención Internacional de Dereitos das Persoas con Discapacidade, aprobados el 13 de diciembre de 2006 por la Asamblea General de las Naciones Unidas (ONU) e que abordará varios aspectos de cara a promoción do pleno exercicio de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas con discapacidade sen ningunha discriminación por motivos de discapacidade, para lograr a súa máxima autonomía persoal.

Así pois, o programa consistirá no desenvolvemento dun conxunto de intervencións coa finalidade de axudar ás persoas con discapacidade a conseguir o máis completo potencial físico, psicolóxico, persoal e social, compatible coas súas limitacións fisiolóxicas ou anatómicas, e coas limitacións do medio e en consonancia cos seus desexos e plan de vida.

O programa incluírá actuacións encamiñadas a habilitación e mantemento funcional e psicosocial para a vida autónoma a través de servizos de fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional e neuropsicoloxía, a Información, asesoramento e orientación, intervencións



en materia de accesibilidade e axudas técnicas, intervención laboral, formación, intervención social, así como a prestación de apoio técnico, económico e institucional.

Neste contexto, este programa integral para a promoción da autonomía persoal e a inclusión social ten un contido innovador polo que non é encadrable en ningún dos servizos actuais. Esta experiencia deberá representar unha gran oportunidade para todo o colectivo de persoas con discapacidade, que contarán cunha ferramenta que permitirá obter resultados transferibles ao desenvolvemento da carteira de servizos para a promoción da autonomía persoal.

Tendo en conta os obxectivos coincidentes, ambas partes veñen poñendo en común os seus esforzos a través de convenios de colaboración para a realización de actividades de promoción da autonomía persoal e inclusión social, nos termos previsto no capítulo VI da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Esta técnica de cooperación considérase especialmente eficiente para a xestión dos recursos públicos dende a perspectiva do seu aproveitamento racional, a búsqueda de sinerxias e a coordinación de esforzos entre as partes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

